

A large, light purple, stylized number '5' with a drop shadow, serving as a background for the title.

# **desenvolvemento rexional**



# 5.1. infraestructuras

O estudo da situación das infraestructuras parte da información facilitada polo INE, o Ministerio de Fomento, o Parque Tecnolóxico de Galicia, Deputacións, Aeroportos Españoles y Navegación Aérea (AENA), Portos de Galicia, os Presupostos Xerais da Xunta, Portos del Estado, o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), a Sepes e o IGE.

A primeira parte deste capítulo está dedicada ó estudo das infraestructuras de transporte (terrestres, ferroviarias, portuarias e aeroportuarias); unha segunda parte céntrase no estudo do investimento en materia de infraestructuras hidráulicas; e, finalmente, trátase o tema dos parques tecnolóxicos e empresariais.

Cómpre salientar que Galicia conta con 29.947 entidades singulares de poboación (o 48,9% do total das existentes en España), o que supón un esforzo adicional en infraestructuras.

## Infraestructuras de transporte terrestre

Os datos do anuario estatístico 1999 do Ministerio de Fomento reflicten que a rede de **estradas** de Galicia está composta en 1999 por 79.125 quilómetros, dos que 61.755 quilómetros corresponden á rede viaria municipal, 15.169 están a cargo dos Entes Territoriais e 2.201 a cargo do Estado.

Do total de quilómetros a cargo do Estado, o **cadro C.5.1.** (*Lonxitude da rede de estradas en Galicia e España 1998-99*) reflicte que o 28,9% (635 quilómetros) corresponden a autoestradas, autovías e estradas de dobre calzada, en tanto que o 65,1% dos quilómetros a cargo dos Entes Territoriais, 9.879 km, están a cargo das Deputacións provinciais, e 5.123 km están a cargo da Comunidade Autónoma.

En relación ó investimento medio na rede de estradas do Estado, Comunidades Autóno-

CADRO 5.1.1.

Lonxitude da rede de estradas nas CC.AA. 1998-99

	1998			1999		
	Rede de estradas	A cargo do Estado	Autoestradas, autovías e estradas de dobre calzada da Rede do Estado	Rede de estradas	A cargo do Estado	Autoestradas, autovías e estradas de dobre calzada da Rede do Estado
	(en quilómetros)					
Andalucía	89.007	3.178	1.231	88.923	3.268	1.323
Aragón	45.465	2.180	444	45.497	2.188	444
Asturias	18.055	689	152	18.109	707	177
Baleares	9.450	-	-	9.415	-	-
Canarias	12.441	-	-	12.401	-	-
Cantabria	8.131	558	130	8.131	558	130
Castela-A Mancha	81.417	3.354	852	81.520	3.401	852
Castela e León	116.372	4.767	1.060	116.493	4.855	1.157
Cataluña	61.702	1.928	741	61.726	1.934	741
C. Valenciana	41.161	1.813	839	41.186	1.809	830
Estremadura	36.399	1.357	267	36.768	1.357	267
<b>Galicia</b>	<b>79.114</b>	<b>2.168</b>	<b>602</b>	<b>79.126</b>	<b>2.201</b>	<b>635</b>
Madrid	16.719	594	482	16.480	594	482
Murcia	14.491	575	253	14.598	607	285
Navarra	12.704	39	39	12.738	39	39
País Vasco	13.775	200	196	13.788	164	160
A Rioxa	7.822	417	135	7.822	417	135
Ceuta e Melilla	101	25	-	101	25	-
<b>Total</b>	<b>664.326</b>	<b>23.842</b>	<b>7.423</b>	<b>664.822</b>	<b>24.124</b>	<b>7.657</b>

Fonte: Ministerio de Fomento

CADRO 5.1.2.

Indices da rede de estradas do Estado, Comunidades Autónomas, Deputacións e Cabildos 1998-99 (1)

	1998				1999			
	Rede total/km2 de superficie	Rede total/1000 habitantes (2)	Vehículos parque/rede total	Vehículos parque/1000 habitantes (2)	Rede total/km2 de superficie	Rede total/1000 habitantes (3)	Vehículos parque/rede total	Vehículos parque/1000 habitantes (3)
Andalucía	0,28	3,41	134,18	457,24	0,28	3,40	142,17	483,03
Aragón	0,21	8,57	57,29	490,89	0,21	8,60	59,75	513,57
Asturias	0,45	4,45	98,97	440,13	0,46	4,50	101,17	454,98
Baleares	0,44	2,76	292,25	806,86	0,43	2,72	314,40	854,21
Canarias	0,58	2,64	235,18	619,82	0,59	2,61	252,75	659,94
Cantabria	0,49	4,92	96,54	474,53	0,49	4,92	101,88	500,75
Castela-A Mancha	0,23	10,82	44,20	478,16	0,24	10,88	46,39	504,63
Castela e León	0,35	13,20	35,98	474,88	0,35	13,25	37,47	496,44
Cataluña	0,37	1,95	311,18	606,81	0,38	1,95	324,28	633,63
C. Valenciana	0,36	2,09	274,03	573,53	0,36	2,10	328,28	605,00
Estremadura	0,21	8,17	53,68	438,67	0,22	8,52	54,31	462,52
<b>Galicia</b>	<b>0,58</b>	<b>6,31</b>	<b>77,42</b>	<b>488,47</b>	<b>0,58</b>	<b>6,31</b>	<b>80,75</b>	<b>509,88</b>
Madrid	0,42	0,66	921,84	609,27	0,39	0,61	1.048,23	643,60
Murcia	0,32	3,17	170,00	539,55	0,32	3,27	175,49	573,79
Navarra	0,39	7,12	80,94	576,53	0,37	7,19	84,31	605,94
País Vasco	0,61	2,06	226,30	467,01	0,60	2,07	235,53	487,52
A Rioxa	0,36	6,86	72,91	500,30	0,36	6,86	76,84	527,22
<b>Total</b>	<b>0,32</b>	<b>4,10</b>	<b>130,50</b>	<b>534,63</b>	<b>0,32</b>	<b>4,11</b>	<b>136,84</b>	<b>562,35</b>

(1) na rede de estradas non se inclúen a lonxitude de camiños veciñais a cargo de Concellos, Ministerio de Defensa e outros Organismos

(2) poboación de dereito, rectificación do Padrón Municipal de habitantes a 1-5-96

(3) poboación de dereito, rectificación do Padrón Municipal de habitantes a 1-1-98

Fonte: Ministerio de Fomento

CADRO 5.1.3.

Investimentos medios na rede de estradas do Estado, CC.AA., Deputacións e Cabildos 1995-99 (1)

	Administracións públicas		Estado		Entes Territoriais Autónomas		Administracións públicas		Estado		Entes Territoriais Autónomas		Deputacións e Cabildos	
	(en millóns de pesetas/1000habts.) (2)				(en millóns de pesetas por quilómetro de rede)									
	Total	Comunidades Autónomas	Estado	Administracións públicas	Total	Comunidades Autónomas	Estado	Administracións públicas	Total	Comunidades Autónomas	Estado	Administracións públicas	Total	Deputacións e Cabildos
Andalucía	13,09	8,68	4,41	3,05	1,36	3,85	19,21	1,50	2,05	0,93				
Aragón	22,87	16,93	5,94	4,56	1,38	2,66	9,16	0,88	1,00	0,64				
Asturias	31,51	17,13	14,38	14,38	-	7,01	26,22	3,74	3,74	-				
Baleares	7,27	-	7,27	6,43	0,84	2,68	-	2,68	3,65	0,88				
Canarias	12,82	-	12,82	12,82	0,84	4,91	-	4,91	4,91	0,88				
Cantabria	33,77	26,33	7,44	7,44	12,82	6,87	24,87	1,93	1,93	-				
Castela-A Mancha	27,73	14,06	13,67	11,65	2,02	2,55	7,10	1,54	5,51	0,48				
Castela e León	33,08	21,77	11,31	8,46	2,85	2,50	11,14	1,00	1,86	0,42				
Cataluña	13,26	7,22	6,04	5,24	0,80	6,79	22,95	3,69	5,87	1,08				
C. Valenciana	13,28	6,88	6,40	4,94	1,46	6,33	15,29	3,88	7,10	1,55				
Estremadura	18,12	8,56	9,56	6,83	2,73	2,13	6,74	1,32	1,90	0,74				
Galicia	30,18	21,65	8,53	6,06	2,47	4,78	26,80	1,55	3,23	0,68				
Madrid	5,50	3,58	1,92	1,92	-	8,96	30,72	3,85	3,85	-				
Murcia	12,97	8,70	4,27	4,27	-	3,97	15,98	1,57	1,57	-				
Navarra	26,61	-	26,61	26,61	-	3,74	-	3,74	3,74	-				
País Vasco	13,02	-	13,02	-	13,02	6,29	-	6,29	-	6,29				
A Rioxa	18,93	10,59	8,34	8,34	-	2,76	6,70	1,58	1,58	-				
<b>Total</b>	<b>16,64</b>	<b>9,48</b>	<b>7,16</b>	<b>5,26</b>	<b>1,90</b>	<b>4,05</b>	<b>15,66</b>	<b>2,04</b>	<b>2,95</b>	<b>1,10</b>				

(1) na rede de estradas non se inclúe a lonxitude de camiños veciñais a cargo de Concellos, Ministerio de Defensa e outros Organismos

(2) poboación oficial a 1-1-1998

Fonte: Ministerio de Fomento

CADRO 5.1.4.

*Investimento realizado polo Ministerio de Fomento en Galicia 2000 e total 1996-00*

	2000				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
	(en millóns de pts.)				
Infr. e Cons. de estradas	1.391,6	23.055,4	90,8	1.346,1	25.883,9
Infr. e Apoio ó Transp.Ferrov. (1)	4.082,9	2.367,4	793,0	748,6	7.991,9
Com. Postais e Telegráficas	243,0	147,2	48,4	183,3	621,9
Vivenda (2)	704,0	61,5	21,0	34,0	820,5
Infraest. e Explot. Portuaria	1.966,3	-	-	3.595,7	5.562,0
Infraestructura Aeroportuaria	1.458,1	-	-	340,5	1.798,6
Resto M. Fomento	86,2	30,5	65,0	27,3	209,0
<b>Total</b>	<b>9.932,1</b>	<b>25.662,0</b>	<b>1.018,2</b>	<b>6.275,5</b>	<b>42.887,8</b>

  

	Total 1996-00				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
	(en millóns de pts.)				
Infr. e Cons. de estradas	39.480,6	91.703,0	81.077,5	38.973,3	251.234,4
Infr. e Apoio ó Transp.Ferrov. (1)	4.108,0	2.375,7	825,4	1.037,8	8.346,9
Com. Postais e Telegráficas	1.710,1	402,8	471,4	1.178,0	3.762,3
Vivenda (2)	4.736,8	1.622,0	1.293,9	3.523,8	11.176,5
Infraest. e Explot. Portuaria	10.719,3	-	-	13.456,1	24.175,4
Infraestructura Aeroportuaria	4.698,3	-	-	2.035,6	6.733,9
Resto M. Fomento	234,7	109,4	69,8	246,5	660,4
<b>Total</b>	<b>65.687,8</b>	<b>96.212,9</b>	<b>83.738,0</b>	<b>60.451,1</b>	<b>306.089,8</b>

(1) D.G. Ferrocarris + GIF + RENFE + FEVE

(2) D.G. Vivendas + SEPES

Fonte: Ministerio de Fomento

mas, Deputacións e Cabildos no período 1995-99, o **cadro 5.1.3.** amosa que Galicia é a cuarta comunidade na que máis se inviste por habitante, con 30,2 millóns de pesetas por cada 1.000 habitantes, tan só superada por Cantabria (33,8 millóns de pesetas por cada 1.000 habitantes), Castela e León (33,1) e Asturias (31,5). En termos de investimento por quilómetro de rede, o investimento en Galicia ascendeu, no mesmo período, a 4,8 millóns de pesetas, sendo a oitava comunidade na que máis se inviste.

Tal e como reflicte o **cadro 5.1.4.**, o investimento realizado polo ministerio de Fomento en Galicia en infraestructuras e conservación de estradas ascendeu a 25.883,9 millóns de pesetas no ano 2000. A provincia de Lugo é a que acolle a meirande parte do investimento, 23.055 millóns de pesetas, en tanto que en Pontevedra e A Coruña este investimento non chega ós 1.400 millóns.

No quinquenio 1996-2000, o investimento nas estradas galegas foi de 251.234,4 millóns de pesetas, o que representa o 82,1% do total investido nese tempo. As provincias de Lugo e

Ourense, por mor da finalización das autovías do Noroeste e a autovía das Rías Baixas, son as que acollen a maior parte do investimento, con 96.212,9 millóns de pesetas e 83.738 millóns, respectivamente.

Nos Presupostos Xerais da Xunta de Galicia para o ano 2000 recóllense os principais programas das direccións xerais de Obras Públicas e de Transportes, **cadro 5.1.5.** O investimento do programa de construción, conservación e explotación de estradas ascendeu a 14.315 millóns de pesetas, un 11,6% menos que o presupostado no ano anterior.

O **cadro C.5.2.** (*Investimentos en estradas, portos e obras hidráulicas da CPTOPV 1999-00*) recolle a evolución de investimento realizado pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda en carreteras, portos e obras hidráulicas. Nel apréciase que o descenso do investimento experimentado no ano 2000 (un 7,7% menos) é debido ó descenso do mesmo na Dirección Xeral de Obras Públicas (1.936 millóns menos), en Augas de Galicia (395 millóns de pesetas) e en Obras e Servizos

## CADRO 5.1.5.

## Proxecto de investimentos das Direccións Xerais de Obras Públicas e de Transportes 1999-00

413 A Ordenación e inspección do transporte terrestre		1999	2000	00/99
		(en miles de pesetas)		%
600	Infraestrutura de mellora da accesibilidade	117.438	416.000	254,2
623	Maquinaria, instalacións e utensilios	16.000	4.000	-75,0
625	Mobiliario e utensilios	12.000		
640	Gastos en investimentos de carácter inmaterial	95.562	80.000	-16,3
413 B Construcción, conservación e explotación de estradas		1999	2000	00/99
600	Infraestrutura de mellora da accesibilidade	13.600.673	10.911.998	-19,8
610	Infraestrutura de mellora da accesibilidade	2.280.098	3.032.000	33,0
623	Maquinaria, instalacións e utensilios	50.000	100.000	100,0
625	Mobiliario e útiles	10.000	1.000	-90,0
626	Equipos para procesos de información	10.000	20.000	100,0
640	Gastos en investimentos de carácter inmaterial	250.000	250.000	0,0

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

## CADRO 5.1.6.

Investimentos de FEVE en Galicia 1998-00 <sup>(1)</sup>

	1998	1999	2000	00/99
	(en miles de pesetas)			%
A Coruña	2.333	14.483	16.949	17,0
Lugo	147.975	71.759	23.392	-67,4
Sen distribuír	96.653	77.743	40.341	-48,1
<b>Galicia</b>	<b>246.961</b>	<b>163.985</b>	<b>80.682</b>	<b>-50,8</b>

(1) datos provisionais  
Fonte: FEVE

Hidráulicos (15 millóns menos). Tan só Portos de Galicia presenta un aumento no seu presuposto de capital en relación ó presupostado no ano precedente (36 millóns de pesetas).

No que ás **infraestructuras ferroviarias** se refire, o **cadro 5.1.4.** sinala que o investimento realizado polo Ministerio de Fomento (incluíndo Renfe e Feve) en Galicia no ano 2000 en infraestructuras e apoio ó transporte ferroviario ascendeu a 7.991,9 millóns de pesetas, o que representa o 95,7% do total investido no quinquenio 1996-99 (8.346,9 millóns de pesetas).

Atendendo á distribución provincial, o devandito **cadro 5.1.4.** reflicte que no ano 2000 a provincia de A Coruña é quen recibe a meirande parte do investimento ó acoller un total de 4.082,9 millóns de pesetas, fronte ós 2.367,4 millóns investidos en Lugo. No período comprendido entre 1996 e o 2000, o investimento na provincia de A Coruña foi de 4.108 millóns de pesetas e no caso de Lugo, de 2.375,7 millóns.

O investimento de Renfe en Galicia, **cadro C.5.3.** (*Investimentos totais de Renfe 1999-00*), ascendeu no ano 2000 a 7.941 millóns de pesetas, o que representa o 18,3% do investimento total rexionalizable (43.450 millóns de pesetas). Atendendo á súa desagregación provincial, o devandito cadro amosa que o investimento na provincia de A Coruña ascendeu a 4.056 millóns e nocasos de Lugo, a 2.348 millóns de pesetas.

O investimento de FEVE en Galicia no ano 2000, **cadro 5.1.6.**, redúcese á metade en relación co ano anterior, acadando un valor de 80,7 millóns de pesetas, fronte ós 164 millóns do ano anterior. Do investimento total do ano 2000, a provincia de Lugo recibiu un total de 23,4 millóns de pesetas e A Coruña, 16,9 millóns, mentres os restantes 40,3 millóns corresponden a cantidades sen distribuír.

O Plan de Infraestructuras Ferroviarias do Ministerio de Fomento, presentado en xaneiro do 2000, ten como directrices a creación dunha

**Investimentos na rede ferroviaria en Galicia incluídos no convenio Ministerio de Fomento-Xunta**

	Km	Investimento
		(en millóns de ptas.)
<b>Rede convencional</b>	635,7	40.832,0
Guillarey-Tuy. Novo trazado	2,8	1.255,7
Ourense-Vigo. Renovación parcial da vía	133,8	2.711,7
Ourense-Monforte-Lugo. Renovación total da vía, dos variantes e sinalización	116,9	17.708,8
Lugo-A Coruña/Ferrol. Renovación total da vía e sinalización	161,3	15.794,4
Pontevedra-Marin. Novo trazado	5,0	1.350,0
Ourense-Santiago. Sinalización	130,1	1.151,6
Covas-Monforte. Renovación parcial da vía	85,8	859,8
<b>Rede de alta velocidade (Eixo atlántico)</b>	248,1	119.168,0
A Coruña-Ferrol. Estudio informativo	68,9	100,0
Santiago-A Coruña. Acondicionamento alta velocidade, dobre vía	74,2	47.380,6
Santiago-Vilagarcía. Acondicionamento alta velocidade, dobre vía	42,0	22.021,7
Vilagarcía-Pontevedra. Acondicionamento alta velocidade, dobre vía	32,0	18.575,0
Pontevedra-Vigo (Inclúe acceso a Vigo). Novo trazado alta velocidade, dobre vía	31,0	31.090,7
<b>Total</b>	<b>883,8</b>	<b>160.000,0</b>

Fonte: Convenio do Ministerio de Fomento-Xunta de Galicia-Renfe

rede de alta velocidade, completa-la rede rexional e moderniza-la rede convencional.

Os investimentos na rede ferroviaria de alta velocidade Madrid-Galicia, encadrada no corredor Norte/Noroeste de alta velocidade, acadan un importe de 1.098.475 millóns de pesetas, dos que 501.367 millóns corresponden a investimentos en Galicia.

No marco do Plan de Infraestructuras Ferroviarias, o 20 de decembro de 2000 firmouse un convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia e Renfe para a mellora da rede ferroviaria interior de Galicia, que prevé un investimento de 160.000 millóns de pesetas no período comprendido entre o 2000 e o 2007. Da contía total a investir, o Ministerio de Fomento aporta 98.466 millóns de pesetas, Renfe 31.534 millóns e a Xunta de Galicia 30.000 millóns de pesetas.

O ámbito espacial do convenio comprende os itinerarios de Galicia, Ourense-Monforte-Lugo-Betanzos-A Coruña/Ferrol e o eixo atlántico, é dicir, Ferrol-A Coruña-Santiago-Pontevedra-Vigo-Fronteira portuguesa. Dentro deste último, contéplanse as melloras da rede ferro-

viaria necesarias para potencia-la comunicación no itinerario Oporto-Vigo (**cadro 5.1.7.**).

De acordo co mencionado convenio, o investimento do ano 2000 ascendeu a 8.930 millóns de pesetas, dos que a Xunta aportou 4.484 millóns (50,2%), Renfe 2.613 millóns (29,3%) e o Ministerio os 1.833 millóns de pesetas restantes (20,5%).

### **Infraestructuras portuarias e aeroportuarias**

O investimento en **infraestructuras portuarias** en Galicia ascendeu a 8.794 millóns de pesetas no ano 2000, dos que 5.562 millóns (un 40,6% superior ó investido en 1999) corresponde ó investimento realizado polo Ministerio de Fomento nos portos de interese xeral. O investimento no resto dos portos de Galicia ascendeu a 3.232,1 millóns de pesetas, o que significa que este descendeu un 3,8% respecto a contía investida no ano anterior.

#### **• Portos de interese xeral do Estado**

Tal e como reflicte o **cadro 5.1.4.**, o investimento do Ministerio de Fomento, en materia



## CADRO 5.1.8.

**Investimento nos Portos de Galicia 1990-2000: distribución segundo programas**

	<b>Investimento</b>
	<i>(en millóns de pts.)</i>
Infraestructuras xerais, dragaxes e obras de abrigo	18.952
Outras infraestructuras pesqueiras	7.236
Adecuación ó entorno urbano e mellora das condicións medioambientais	4.824
Medios e instalacións xerais	1.663
Infraestructuras náutico-deportivas	1.783
<b>Total</b>	<b>34.458</b>

Fonte: Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

## CADRO 5.1.9.

**Actuacións nos Portos de Galicia 1990-2000**

Peiraos <i>(metros)</i>	9.875
Diques de abrigo <i>(metros)</i>	6.912
Dársenas <i>(m<sup>2</sup>)</i>	1.217.562
Pantaláns flotantes <i>(m<sup>2</sup>)</i>	3.918
Urbanización <i>(m<sup>2</sup>)</i>	952.383
Nº de edificios	60

Fonte: Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

de infraestructuras e explotación portuaria, investiu na comunidade autónoma galega un total de 5.562 millóns de pesetas no ano 2000, o que representa un 40,6% máis que no ano anterior. Este investimento nos portos da provincia de Pontevedra ascendeu no ano 2000 a 3.595,7 millóns de pesetas (un 115% superior ó rexistrado en 1999) e nos portos da provincia de A Coruña un total de 1.966,3 millóns, fronte ós 7.525,7 millóns investidos no ano anterior.

No quinquenio 1996-00 o investimento en materia portuaria foi de 24.175,4 millóns de pesetas, dos que 13.456,1 corresponderon á provincia de Pontevedra e 10.719,3 millóns de pesetas á provincia de A Coruña.

• **Portos da Comunidade Autónoma.**

O investimento en infraestructuras portuarias ó longo do ano 2000 ascendeu a 3.232,1 millóns de pesetas, un 3,8% menos que o investido ó longo do ano anterior. Atendendo á distribución provincial, o **cadro C.5.4. (Investimentos de Portos de Galicia nos portos galegos 1999-00)** reflicte que os portos da provincia de A Coruña, despois do incremento do 28,3% no ano 2000, acadan un investimento total de 1.589,3 millóns de pesetas. En conxunto, o

investimento nos portos das provincias de Lugo e Pontevedra descenden un 18,7% e un 31,8%, respectivamente, sendo o seu investimento de 430,9 millóns no caso de Lugo e de 1.212 millóns de pesetas no caso de Pontevedra.

Na década dos 90, o investimento nos portos da Comunidade Autónoma ascendeu a 34.458 millóns de pesetas, dos que o programa correspondente a infraestructuras xerais, dragaxes e obras de abrigo acolle un total de 18.952 millóns de pesetas (o 55% do investimento total). Este investimento tradúcese nas distintas actuacións recollidas no **cadro 5.1.9**. No ano 1990 había 24.773 metros de peiraos e 16.841 metros de diques de abrigo, e ó finaliza-la década dos 90, o incremento na lonxitude de peiraos foi de 40% (acada un total de 34.648 metros) e no caso dos diques de abrigo, un 41%, ata acadar un total de 23.753 metros (**cadros 5.1.8. e 5.1.9.**).

No caso das **infraestructuras aeroportuarias**, no ano 2000 prodúcese unha ruptura na tendencia decrecente do volume total de investimento nos aeroportos galegos, que viña decrecendo desde 1994. No último ano o investimento aumentou dende os 672,5 millóns de 1999 ata os 1.798,6 millóns (**C.5.5. Investimentos en infraestructuras aeroportuarias 1999-00**).

*Investimentos en materia de obras hidráulicas 1990-2000*

	<u>Investimento</u>
	<i>(en millóns de pts.)</i>
Saneamentos	48.800
Abastecementos	21.378
Abastecementos e saneamentos	5.873
Encauzamentos e mellora de marxes	4.333
Outros	1.931
<b>Total</b>	<b>82.315</b>

Fonte: Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

Desagregando o investimento en cada un dos aeroportos galegos, o aeroporto de A Coruña foi o que máis investimentos recibiu, cun total de 752,1 millóns de pesetas (o 41,8% do total investido nos aeroportos galegos no ano 2000). O aeroporto de Santiago investiu un total de 706,0 millóns de pesetas, o 39,3% do total investido nos aeroportos galegos. Finalmente, no aeroporto de Vigo investíronse un total de 340,5 millóns de pesetas, é dicir, o 18,9% do total investido en 1999.

Considerando o investimento en Galicia no período 1996-00, **cadro 5.1.4.**, este ascendeu a 6.733,9 millóns de pesetas. A provincia de A Coruña acolle un investimento total de 4.698,3 millóns de pesetas, e a de Pontevedra de 2.035,6 millóns.

### Infraestructuras hidráulicas

En materia de infraestructuras hidráulicas, o **cadro C.5.6.** (*Investimentos de Augas de Galicia 2000*) reflicte que o importe total dos capítulos VI e VII de Augas de Galicia ascendeu a 13.508,7 millóns de pesetas, dos que 13.348,9 millóns corresponden a investimentos reais (capítulo VI) e os restantes 159,8 millóns ó capítulo VII. Máis da metade do importe total dos mencionados capítulos (7.123,7 millóns de pesetas) corresponderon á provincia de Pontevedra.

Atendendo ós distintos tipos de gasto, os investimentos de saneamento propiamente ditos foron os máis importantes, cun importe total de 8.418,2 millóns de pesetas (5.279,6 millóns investidos na provincia de Pontevedra). Séguelle

en importancia ó investimento en abastecemento, con 2.385,5 millóns de pesetas.

Tomando como referencia o investimento no período 1990-00, o **cadro 5.1.10.** amosa que dos 82.315 millóns de pesetas investidos, o 59,3% (48.800 millóns de pesetas) corresponde a investimentos en saneamentos e un 26% (21.378 millóns), a investimentos para abastecementos.

No mes de marzo de 2001, aprobouse o Plan Hidrolóxico de Galicia, que prevé no período 2001-2017 uns investimentos, excluídos os saneamentos, de 117.958 millóns de pesetas.

O plan regula a ordenación e aproveitamento óptimo dos recursos hidrolóxicos nas concas onde Galicia é competente, que son as que se encontran integramente en territorio galego (a dos ríos vertentes ó mar Cantábrico agás os ríos Eo e Navia, e as concas vertentes ó Atlántico, coa exclusión do sistema Miño-Sil, por ser esta tamén unha conca intercomunitaria).

Aprobouse tamén o Plan de Saneamento de Galicia (9 de novembro de 2000), cunha previsión de investimento ata o 2015 de 251.000 millóns de pesetas co obxectivo fundamental do cumprimento, á data sinalada, da Directiva Europea 91/271, de 21 de maio de 1991, sobre o tratamento de augas residuais urbanas.

### Parques tecnolóxicos e empresariais

Os parques tecnolóxicos están orientados cara a empresas e institucións con alto nivel tec-

## CADRO 5.1.11.

## Parques tecnolóxicos en España 2000

	superficie total	superficie parcelas	prezos venda
		(m <sup>2</sup> )	(pts/m <sup>2</sup> )
Alava	1.171.864	parcela mínima: 2.000	10.000 - 8.500
Alcalá de Henares	375.000	parcela mínima: 1.000	Non ten parcelas á venda
		parcela mínima: 2.500	
Andalucía	1.864.953	parcela máxima 80.000	12.647
		parcela mínima: 2.000	
Asturias	610.000	parcela máxima 12.000	5.700
		parcela mínima: 1.892	
Baleares	1.400.000	parcela máxima 75.000	40.000 construído
		Edificabilidade: 44.211	
		sobre rasante e 12.690	
Barcelona	25.864	baixo rasante	Alúganse despachos e edificios: 1.449 e 3.105 m <sup>2</sup> /mes
		parcela mínima: 2.200	
Castela e León	450.000	parcela máxima 10.000	6.000
		parcela mínima: 2.000	
Galicia	514.438	parcela máxima 7.500	7.500
		parcela mínima: 1.050	
Gijón	217.000	parcela máxima 18.340	15.000
Parque científico do Mediterráneo	1.300.942	parcela mínima: 500	Non ten parcelas á venda
		parcela mínima: 3.000	
San Sebastián	1.300.000	parcela máxima 20.000	16.500
		parcela mínima: 816	
Sevilla	949.800	parcela máxima 20.700	2.936 máis IVE
		parcela mínima: 2.000	
PT del Vallès	585.000	parcela máxima 30.000	Non ten parcelas á venda
Vigo	875.000	parcela mínima: 500	Non ten precio de venda
Bizkaia	1.880.864	parcela mínima: 2.000	14.000
Campus de Ciencias da Saude de Granada	503.484	parcela mínima: 1.000	Non ten parcelas á venda

Fonte: Asociación de Parques Tecnolóxicos de España

nolóxico e innovador como son, entre outros, as industrias de transformación da madeira, ou sectores como o agroalimentario, o téxtil ou o de rochas ornamentais.

O **cadro 5.1.11.** reflicte unha comparación entre tres características dos parques tecnolóxicos españois segundo a Asociación de Parques Tecnolóxicos de España (APTE). O Parque Tecnolóxico de Galicia, emprazado en Sao Cibrao de Viñas, ten unha superficie de 514.438 metros cadrados e as súas parcelas presentan unha superficie comprendida entre 1.050 e 7.500 metros cadrados. O precio das parcelas ascende a 7.500 pesetas por metro cadrado.

Nas 30 empresas emprazadas no parque traballan un total de 330 persoas (dato a 1º trimestre do 2001). A ocupación das parcelas supón o 42% da superficie dispoñible (280.000 metros cadrados), en tanto que a ocupación dos 80 niños do seu Centro de Empresas e Innovación está ó 100%.

Ó carón destes parques tecnolóxicos hai en Galicia un total de 24 parques empresariais ope-

rativos promovidos polo IGVS, que ofertan un total de 1.073 parcelas e unha superficie comercial de 1.842.239 metros cadrados.

O **cadro C.5.7.** (*Parques empresariais promovidos polo IGVS e Xestur 2000*) recolle os datos máis salientables en relación con estes parques empresariais e a súa agrupación por provincias, observando que os parques empresariais que presentan unha maior superficie comercial son os de Pontevedra e Lalín, na provincia de Pontevedra; Somozas, en A Coruña; e Vilalba, en Lugo.

Finalmente, o **cadro C.5.8.** (*Investimentos de Sepes por provincias 1999-00: distribución provincial*) reflicte que a Sepes realizou no ano 2000 un investimento por valor de 699,8 millóns de pesetas, fronte ós 342,7 millóns do ano anterior. O 97% deste investimento (678,6 millóns de pesetas) está concentrado na provincia de A Coruña, un 1,4% invístese en Pontevedra (9,5 millóns) e o 1,7% restante, na provincia de Lugo (11,7 millóns). ■

